

ACTIVIDADES

- Semana do Xapón en Galicia. Escola Oficial de Idiomas da Coruña
- "Universo Coruñento", rutas pola cidade invisible con Xurxo Souto: zona do Ensanche
- Poetas di(n)versos: Maram Al-Masri e Baldo Ramos. Centro Ágora
- Sesión de danza "Baila, baila bendito" do Proxecto Intermodal. Normal da UDC
- Charla "Ok Google!, que opinas de pagar para que unha multinacional che espíe?". Facultade de Informática da UDC
- Campus de escalada en Nadal. AMI, Asociación de Montañeros Independientes
- IX Travesía a Nado Solidaria pola ELA. AGAELA
- Axenda de concertos semanal na Coruña

CURSOS

- Curso de monitor/a de actividades de tempo libre. Escola de Tempo Libre da UDC

CONCURSOS

- Premio literatura xuvenil "La Caixa / Plataforma". Plataforma Editorial e Obra Social "La Caixa"
- 15º Concurso de Fotografía Xurxo Lobato 2020. Asociación Amigos IES Monelos

VARIOS

- Parlamento Xove 2020. D.X. Xuventude, Participación e Voluntariado

ACTIVIDADES

Semana do Xapón en Galicia

A Embaixada de Xapón en España, en colaboración con distintas entidades, organiza varias actividades para celebrar a Semana de Xapón en Galicia.

Na Coruña, a Escola Oficial de Idiomas ofrecerá unha variada programación para amosar algunhas das manifestacións artística máis coñecidos desta cultura.

CANDO e ONDE:

• **martes 10 de decembro:**

- de 16:30 h. 18:00 h., na **sala de vídeo da Escola Oficial de Idiomas**: conferencia e demostración de ORIGAMI (entrada libre ata completar capacidade)
- 18:30 h no **auditorio do CMUS Profesional de Música da Coruña** (Praza do Conservatorio): concerto de KOTO e KOTSUZUMI, música tradicional xaponesa. (entrada libre ata completar capacidade)
- de 20:00 h. a 21:00 h. no **vestíbulo da Escola Oficial de Idiomas**: demostración de SUMIE-E, técnica de debuxo monocromático en tinta negra (entrada libre ata completar capacidade)

• **venres 13 de decembro:**

- de 15:30 a 17:30 h. na **Escola Oficial de Idiomas**: TALLER DE MANGA, unha introdución ao mundo do cómic xaponés, no cal se explorará o deseño de personaxes e o seu posterior posta nunha páxina de manga (gratuito)
**Requisitos:* levar goma de borrar, sacapuntas, boli ou Rotring negro de 0,3 a 0,5, lapis ou portaminas HB ou 2B.
**Prazas limitadas:* reserva de praza por correo-e a EOI-Departamento de Xaponés (30 prazas)



LUGAR / INFORMACIÓN:

Escola Oficial de Idiomas da Coruña

C/ Educación, 1

Tel.: 981 279 100

Correo-e: eoicorunha@edu.xunta.es

www.facebook.com/eoicoruna

Universo Coruñento: rutas pola cidade invisible

NORMAL volve a programar da man de Xurxo Souto novas rutas pola cidade para descubrir unha Coruña descoñecida e sorprendente. As rutas prográmanse un domingo ao mes, e en decembro tócalle o turno á zona do Ensanche.

CANDO: domingo 15 de decembro, “*Polo Campo do Carballo e o Camiño Novo*”

HORARIO: inicio ás 11.00 h.

LUGAR: saída da Praza de Pontevedra (diante do mural de Lugrís)

Os puntos de encontro son espazos abertos. O son da corna será o elemento de ubicación.

INSCRIPCIÓN: ata esgotar prazas, indicando nome e apelidos, ruta escollida e teléfono:

- a) por correo-e a normal.comunicacion@udc.gal
- b) por teléfono no 881 014 502 ou 881 014 514

PREZO: gratuito

MÁIS INFORMACIÓN:

NORMAL Espazo de intervención cultural da UDC


Paseo de Ronda, 47 (15011 - A Coruña)

Tel.: 881 014 502

correo-e: normal.comunicacion@udc.gal

www.facebook.com/istoenormal

Web: www.udc.gal



ACTIVIDADES

Poetas di(n)versos: outono 2019

Este mes de decembro. remata a edición de outono do ciclo Poetas Di(n)versos, a programación poética dirixida por la poeta e dinamizadora cultural Yolanda Castaño coa que un luns ao mes se reúne a poetas de Galicia e do resto do mundo en encontros abertos e gratuitos á vez que unha librería local ofrece os títulos das persoas convidadas.

CANDO: 16 de decembro, con *Maram Al-Masri* (Siria, 1962) e *Baldo Ramos* (Celanova, 1971)

HORARIO: 20.30 h

PRECIO: entrada libre ata completar capacidade

LUGAR / INFORMACIÓN:

Centro Ágora

Lugar da Gramela 17 (15010 - A Coruña)

Tel.: 981 189 888

correo-e: agora@coruna.es

Web: www.coruna.gal/cultura



Sesión de danza “Baila, baila bendito” do Proxecto Intermodal

NORMAL, o Espazo de Intervención Cultural da UDC, acolle a iniciativa “Intermodal”, un proxecto multidisciplinar coordinado por Patricia Carballal e Julio Quintas no que, co estudo da desigualdade de xénero como punto de partida, búscase tratar os mitos sobre o xénero e a aparición das “novas masculinidades” a través de diferentes disciplinas.

A última dinámica do programa terá lugar o próximo 18 de decembro coa danza como protagonista: “*Baila, baila bendito*”, unha sesión de danza con DJ.

CANDO: 18 de decembro

HORARIO: de 18:00 h a 20:00 h

INSCRICIÓNS: ata completar prazas en nos tel. 881 014 518 - 881 014 511 (tarde) ou en normal.comunicacion@udc.gal

PREZO: gratuito

LUGAR / INFORMACIÓN:

NORMAL Espazo de Intervención Cultural da UDC

Paseo de Ronda, 47 (15011 – A Coruña)

Correo-e: normal@udc.gal

www.facebook.com/istoenormal

Web: www.udc.es/gl/novas/Intermodal



Charla “Ok Google!, que opinas de pagar para que unha multinacional che espíe?”

A Asociación Gpul, dentro do seu programa Gpul School, organiza esta sesión dedicada aos perigos aos que nos enfrontamos coa chegada da economía da vixilancia. Ensinarán os métodos que utilizan as grandes empresas para obter gigas e gigas de datos da nosa vida persoal e que se está facendo para loitar contra isto e que podemos facer nós para conseguir preservar a nosa privacidade.

CANDO: 19/12/2019

HORARIO: de 18:30 h. a 20:00 h.

LUGAR: *Facultade de Informática da UDC*
Campus de Elviña

PREZO: grauíto.

MÁIS INFORMACIÓN:

Asociación Gpul

info@gpul.org

<https://school.gpul.org/>

Web: www.meetup.com/es-ES/GPUL-Labs



ACTIVIDADES

Campus de escalada en Nadal

AMI, a Agrupación de Montañeros Independientes, organiza para este Nadal un campus de iniciación á escalada e outras actividades relacionadas cos deportes de montaña

CANDO:

- 1ª quenda: 23, 24, 26 e 27 de decembro de 2019
- 2ª quenda: 30, 31 de decembro de 2019 e 2, 3 e 7 de xaneiro de 2020

HORARIO: de 9:30 a 13:30 h.

LUGAR: *Sala de Bloque da AMI* (R/ Padre Sarmiento, 8), aínda que haberá saídas ao rocódromo de Riazor e a outros lugares da cidade

INSCRICIÓNS: ata cubrir prazas

REQUISITOS: idades entre 6 a 16 anos

PREZO:

- 1ª quenda: 90 €
- 2ª quenda: 110 €

*10% de desconto por segundo irmá/án.

**O prezo inclúe material e seguro de RC e accidentes

MÁIS INFORMACIÓN:

AMI-Agrupación de Montañeros Independientes
Rúa Padre Sarmiento, 8-baixo esq. (15005 - A Coruña)
Tel.: 627 21 98 79
correo-e: info@amimontanismo.es
Web: <http://amimontanismo.es>



IX Travesía a Nado Solidaria pola ELA

A Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrofica – AGAELA, coa colaboración do Clube de Natación Liceo, organiza a IX Travesía solidaria a favor dos afectados de ELA – Memorial Fran Otero.

As modalidades de participación serán:

- 400 metros (con neopreno)
- 400 metros (sen neopreno)
- 1000 metros (con neopreno)

CANDO: 4 de xaneiro de 2020

HORARIO: hora de saída ás 11:00 h. (pendente de confirmación, horario suxeito ao calendario de mareas)

LUGAR: *Dique de Abrigo Barrié de la Maza*, no Real Club Náutico da Coruña

INSCRICIÓNS: ata o 02/01/2020 en <https://championchipnorte.com>

REQUISITOS:

- A idade mínima para participar será de 16 anos
- Número de prazas dispoñible: 300 prazas.

PREZO: donativo de inscrición: 6 €

MÁIS INFORMACIÓN:

AGAELA
Centro Asociativo A Escada. R/ Manuel Azaña, 2 (15670- Culleredo)
Tel.: 660 53 22 98
correo-e: info@agaela.es
www.facebook.com/agaela
Web: <http://agaela.es>

* DOCUMENTO: [descargar reglamento \(623 KB\)](#)

IX Travesía Solidaria pola ELA



Memorial Fran Otero

4 e Xaneiro de 2020 ás 11:00h

ACTIVIDADES

Axenda de concertos na Coruña

Programación de concertos desta semana nas salas de concertos e outros espazos da cidade

Teatro Rosalía. R/ Riego de Agua, 37 (15001 – A Coruña)

www.coruna.gal/cultura

xoves 12 ás 20.00 h.: **BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA.** Entradas: gratis

Pazo da Ópera. Glorieta América (15004 - A Coruña)

www.palaciodelaopera.com

venres 13 ás 20.30 h.: **ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA.** Entradas: de 11€ a 27'50€

sábado 14 ás 20.00 h.: **ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA.** Entradas: de 11€ a 27'50€

Teatro Colón. Avda. da Marina, 7 (15001 - A Coruña)

www.facebook.com/TeatroColonACoruna/

venres 13 ás 20.30 h.: **GUADI GALEGO.** Entradas: de 8€ a 14€

Coliseum. R/ Francisco Pérez Carballo 2 (15008 - A Coruña)

www.coruna.gal/cultura

sábado 14 ás 21.000 h.: **MELENDI.** Entradas: 32€

Museo de Belas Artes. R/ Zalaeta s/n (15002 - A Coruña)

<http://museobelasartescoruna.xunta.es>

domingo 15 ás 12.30 h.: **TRÍO OLIVIE.** Entradas: gratis

Playa Club. Plataforma de Riazor s/n (15011 - A Coruña)

<http://playaclub.club/programacion>

venres 13 ás 22.30 h.: **THE ZOMBIES.** Entradas: 18€/25€

Sala Bunker. Praza Cormelana, 6 (15003 - A Coruña)

www.facebook.com/bunkerclub

venres 13 ás 21.30 h.: **DELAFÉ.** Entradas: 12€

Sala Mardi Gras. Travesía da Torre, 8 (15002-A Coruña)

www.facebook.com/salamardigras

venres 13 ás 22.00 h.: **BUZZ LOVERS (TRIBUTA A NIRVANA) + REBELS.** Entradas: 10€

sábado 14 ás 22.30 h.: **LAS ANTONIAS.** Entradas: gratis

Bábá Bar. R/ Pérez Cepeda, 23 (15004 - A Coruña)

www.facebook.com/baba.bar.7

xoves 12 ás 21.30 h.: **FRAN MARISCAL.** Entradas: 10€

venres 13 ás 22.00 h.: **AS ÁRBORES.** Entradas: 8€

sábado 14 ás 22.00 h.: **ALUMNAS/OS ANXOS DORRIO.** Entradas: 5€

Sala Garufa Club. R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)

www.facebook.com/SalaGarufaClub

xoves 12 ás 22.30 h.: **GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND.** Entradas: 12€

venres 13 ás 21.30 h.: **RICKY HOMBRE LIBRE.** Entradas: 10€/12€

sábado 14 ás 22.00 h.: **LOS DRAMÁTICOS + KING JEREMY.** Entradas: 8€

domingo 15 ás 20.00 h.: **TWO FACES & MARÍA MAQUEIRA.** Entradas: 8€/10€

Jazz Filloa. R/ Cega, s/n (15003 – A Coruña)

www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club

sábado 14, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **GUS ART TRIO + A. RUSANOF.** Entrada: 8€

mércores 18, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **TOMMY FLANAGAN TRIBUTA + JAM.** Entrada: 8€

Sala Mala Vida. R/ Rey Abdulah, 13 (15004 – A Coruña)

www.facebook.com/Sala.Malavida

sábado 14 ás 21.30 h.: **COSTA.** Entradas: 13€

Sala Filomatic. R/ San José (15002 – A Coruña)

www.facebook.com/salafilomatic

sábado 14 ás 22.00 h.: **TO-XO + LUNÁTICOS.** Entradas: 8€

Sala INN-Club. Avda. do Porto, 3 (15003 - A Coruña)

www.facebook.com/salainnclub

sábado 14 ás 22.30 h.: **CAROLINA DUARTE.** Entradas: 17€



CURSOS

Curso de monitor/a de actividades de tempo libre da UDC

A Escola de Tempo Libre da Universidade da Coruña organiza un curso de monitor/a de actividades de tempo libre que se desenvolverá os sábados e domingos dende finais de xaneiro e ata finais de marzo

CANDO: do 25/12/2019 ao 29/03/2020

HORARIO: sábados e domingos de 9 a 14 e de 16 a 21 horas

**dentro das 200 horas da fase teórico-práctica van incluídas dúas xornadas de acampada e unha xornada de ruta de sendeirismo*

LUGAR: impartirase na **Aula Deportiva do Pavillón de Deportes no campus de Elviña.**

REQUISITOS:

- Ser maior de idade
- Título mínimo: Educación Secundaria Obrigatoria

PREZO:

- Membros da comunidade universitaria: 270 €
- Público en xeral: 300 €

MÁIS INFORMACIÓN:

Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura da UDC

(Área de Deportes)

Pavillón de Deportes do Campus de Elviña

(15071 - A Coruña)

Tel. 881 011 904

correo-e: etl.deportes@udc.es

Web: <https://deportes.udc.es>



CONCURSOS

Premio literatura xuvenil "La Caixa / Plataforma"

Plataforma Editorial e a Obra Social "La Caixa" convocaron a oitava edición do Premio Literario "La Caixa / Plataforma", dirixido a persoas entre 14 e 30 anos, co obxectivo de promover a literatura entre a mocidade

INSCRICIÓN: ata o 31/01/2020

REQUISITOS:

- Mozos entre 14 e 30 anos.
- As obras teñen que axustarse ao xénero de novela xuvenil e deben estar escritas en castelán ou catalán. Teñen que ser inéditas e non poden ser premiadas en ningún outro certame, nin poden estar pendentes do veredicto doutro xurado.
- A extensión será dun mínimo de 80 e dun máximo de 400 páxinas, tamaño DIN A4, mecanografiadas a dobre espazo con tipografía Estafes New Roman corpo 12.
- Os participantes terán que enviar a súa obra en formato Word ou equivalente a premio@plataformaeditorial.com. A novela terá que ir asinada con pseudónimo.

DOTACIÓN: 5.000 € + edición, publicación e explotación da obra premiada (publicarase en castelán no 2020 no selo Plataforma Neo cun mínimo de 3.000 exemplares)

MÁIS INFORMACIÓN:

Plataforma Editorial S.L.

Rúa Muntaner, 269, entreplanta 1ª (08021 – Barcelona)

Tel: 934 947 999

Email: premio@plataformaeditorial.com

Web: www.plataformaneo.com/

*DOCUMENTO: [Bases completas \(1 MB\)](#)



15º Concurso de Fotografía Xurxo Lobato 2020

A Asociación de Amigos do Instituto Monelos da Coruña convoca unha nova edición do Concurso de Fotografía Xurxo Lobato.

INSCRICIÓN: antes do 15/03/2020

REQUISITOS:

- concurso vai dirixido ao alumnado de Educación Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional de Galicia, cun límite de idade de 21 anos.
- tema é libre. As fotografías poden presentarse en branco/negro ou cor.
- Máximo de tres fotografías por participante.
- As fotografías serán en formato dixital, sen marca de auga, e só se poderán enviar por correo electrónico a amigos.monelos@gmail.com

DOTACIÓN:

1º premio: 250 €

2º premio: 150 €

3º premio: 100 €

O xurado considerará a posibilidade de conceder algún accesit con premio.

Premio especial dunha bolsa para realizar un proxecto fotográfico.

MÁIS INFORMACIÓN:

Asociación Amigos IES Monelos

Email: amigos.monelos@gmail.com

Web: www.facebook.com/concursofotografiaxurxolobato

*DOCUMENTO: [Bases completas \(299 KB\)](#)



Parlamento Xove 2020

A D.X. Xuventude, Participación e Voluntariado abre o prazo para a inscrición nunha nova edición de Parlamento Xove, un conxunto de encontros dialécticos que teñen por obxecto fomentar entre a xuventude o diálogo como ferramenta para argumentar razoadamente as ideas propias.

O Parlamento Xove é unha competición na que os diversos equipos inscritos investigarán e debaterán sobre un tema formulado pola organización. A dificultade da actividade está en que só 5 minutos antes de cada encontro dialéctico procederase ao sorteo da postura a adoptar por cada equipo, 'a favor' ou 'en contra', en relación á cuestión formulada.

INSCRIPCIÓNS: ata o 10 de xaneiro de 2020

REQUISITOS:

• ESO e BACHARELATO:

- Alumnado de calquera centro de ensino de Galicia organizado nas seguintes categorías:
 - a) Centros educativos de 3º e 4º de ESO
 - b) Centros educativos de 1º e 2º de Bacharelato
- Poderán inscribirse un total de 24 equipos en Bacharelato e 24 en ESO.
- As prazas outorgaranse por estrita orde de inscrición, facendo unha listaxe de agarda cos centros non seleccionados.
- O equipo de debate componse por 4 membros e unha persoa coordinadora pertencentes ao centro educativo ao que representan.

• UNIVERSIDADE:

- Mozos e mozas estudantes de grao dos 7 campus universitarios das 3 universidades galegas matriculados/as no curso académico 2019/2020.
- A inscrición realizarase por equipos ata un máximo de 8, e ningún participante poderá formar parte de máis dun equipo.
- O equipo de debate estará formado por un mínimo de 2 estudantes e un máximo de 4, e un dos membros do equipo actuará como persoa coordinadora/representante ante a organización e o xurado.

DOTACIÓN:

a) ESO e BACH.:

- Equipos gañadores: viaxe para as 5 persoas integrantes do equipo valorada en 5.000 €.
- Equipo finalista: agasallo a cada unha das persoas integrantes do equipo.
- Equipo cuxo artigo de investigación fose o mellor valorado: agasallo a cada unha das persoas integrantes do equipo.

b) UNIVERSIDADE:

- Equipo gañador: unha viaxe para as persoas integrantes do equipo valorada en 2.500 euros.
- Equipo finalista: un agasallo a cada unha das persoas integrantes do equipo.

MÁIS INFORMACIÓN:

D.X. Xuventude, Participación e Voluntariado

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 3º. 15781 Santiago de Compostela

Tlfs. 981 545 702 / 981 541 689

Correo-e: parlamentoxove.xuventude@xunta.gal

Web: www.parlamentoxove.com



PARLAMENTO
XOVE
2020